



**CEIP XESÚS GOLMAR**  
Travesía Memorias dun neno labrego.  
36500. LALÍN (Pontevedra)  
Tel: 886 15 12 72  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/)  
correo-e: [ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)

# PROCESO DE ADMISIÓN

CURSO 2024-2025

## RESUMO LEXISLACIÓN

### **NORMATIVA:**

**Decreto 13/2022**, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**ORDE do 21 de outubro de 2022**, publicado no DOG do 8 de novembro de 2022, pola que se desenvolve o Decreto 13/2022 do 3 de febreiro e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

### **XORNADA DE PORTAS ABERTAS:**

Este ano, a xornada de portas abertas, celebrarase o martes 27 de febreiro de 16:00 a 17:00 horas no ximnasio do centro.



**CEIP XESÚS GOLMAR**  
Travesía Memorias dun neno labrego.  
36500. LALÍN (Pontevedra)  
Tel: 886 15 12 72  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/)  
correo-e: [ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)

## CALENDARIO:

Publicamos o calendario establecido para todo o proceso de admisión 2024-2025, no que figuran os diferentes prazos. Publicamos tamén o horario de atención en secretaría.

### CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN

<b>Reserva de praza</b>	Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro
<b>Listaxe asignación prazas centros adscritos</b>	22 de febreiro
<b>Publicación de vacantes dos centros</b>	Antes do 1 de marzo
<b><u>Presentación de solicitudes de admisión</u></b>	<b><u>Do 1 ao 20 de marzo</u></b>
<b>Presentación documentación baremo (só documentación para baremo)</b>	Desde o 21 de marzo ao 11 de abril
<b>Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos</b>	25 de abril
<b>Reclamacións listaxes provisionais</b>	5 días hábiles, seguintes á publicación listados provisionais
<b>Publicación de listaxes definitivas</b>	Antes 15 de maio
<b>Formalización de matrícula</b>	<b>Do 20 ao 30 de xuño</b>

Horario de atención en secretaría: de luns a venres de **08:50 a 13:00 horas**



**CEIP XESÚS GOLMAR**  
Travesía Memorias dun neno labrego.  
36500. LALÍN (Pontevedra)  
Tel: 886 15 12 72  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/)  
correo-e: [ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)

## CENTROS ADSCRITOS:

- *EEl de Donramiro.*
- Así mesmo, o CEIP Xesús Golmar está adscrito ao *IES Ramón María Aller Ulloa.*

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS:

Este centro oferta os seguintes servizos complementarios:

Servizo	Organismo responsable
Comedor escolar	
Servizo Enrédate	ANPA Agro de Abaixo
Actividades extraescolares	ANPA, Centro e Concello de Lalín
Transporte escolar	

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda pola súa área de influencia, non terá dereito aos servizos complementarios establecidos pola Consellería de Educación.

## SOLICITUDES DE ADMISIÓN:

1. **As solicitudes** axustaranse ao modelo oficial, **anexo II (ED550B)** Debe cumprimentarse axeitadamente e asinarán o pai e a nai ou os titores legais correspondentes. En caso de divorcio e tendo a patria potestade compartida **deberán asinar ambos proxenitores** ou xustificar o motivo da omisión por calquera medio de proba válido en dereito, achegando resolución xudicial coa solicitude.
2. **Impreso:** será facilitado gratuitamente nos centros docentes. Poderá descargarse dende a páxina web do centro, a da Consellería de Educación e a aplicación *admisionalumnado*. [www.edu.xunta.es/admisionalumnado/](http://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/)
3. **Presentarase UNHA ÚNICA SOLICITUDE, dirixida a dirección do centro escollido en primeiro lugar;** nela poderán relacionarse outros seis centros, por orde de preferencia. *A formulación de máis dunha solicitude dará lugar á perda de tódolos dereitos de prioridade que lles poidan corresponder.*
4. **Solicitude de admisión do alumnado con necesidades educativas específicas.** Na solicitude os pais, nais ou titores legais deberán manifestar se optan a unha praza para alumnado con necesidades educativas específicas, achegando, se fora o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas.

Tal como se establece na lexislación vixente reservaranse 3 prazas por cada unidade para os niveis de 4º de Educación infantil e 1º de Educación primaria.

5. **Nos criterios de admisión** da solicitude serán os solicitantes os que deberán sinalar os conceptos do baremo nos que desexen ser puntuados.



**CEIP XESÚS GOLMAR**  
Travesía Memorias dun neno labrego.  
36500. LALÍN (Pontevedra)  
Tel: 886 15 12 72  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/)  
correo-e: [ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)

6. O centro concederá 1 punto no baremo, en función do criterio complementario establecido polo Consello Escolar: “*Domicilio familiar dentro da zona de influencia do centro escolar*”. A forma de acreditar este requisito será mediante unha **certificación de inscrición no padrón municipal**, onde figure claramente a **data de alta no domicilio e os membros da unidade que figuran no mesmo**.

7. Prazo de solicitudes.

**Desde o 1 de marzo ata o 20 de marzo, ámbolos dous inclusive.**

“Se o número de solicitudes fose maior cá oferta de prazas, os centros baremarán as solicitudes presentadas por medio da aplicación *admissionalumnado*.”

8. Solicitudes fóra de prazo.

As solicitudes presentadas Fóra de prazo perderán a prioridade en relación coas presentadas no prazo establecido e serán remitidas a Comisión de Escolarización.

9. **Documentación acreditativa dos criterios alegados**. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

- DNI dos solicitante e membros computables da unidade familiar, cando deneguen a consulta.
- Copia **do libro de familia** ou do **DNI do/a alumno/a** para acreditar a idade.
- **Certificación académica** (alumnado de primaria) para asegurar o cumprimento dos requisitos académicos esixidos.
- **Sentenza xudicial de separación/divorcio** e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor, se é o caso.
- **Outra documentación** solicitada polo centro (**Certificación de inscrición no padrón municipal** para asignación do criterio complementario)

### **BAREMO:**

Cando finalice o prazo de Presentación de solicitudes, se a demanda supera a oferta de prazas, abrírase un prazo para que se presente a Documentación xustificativa dos criterios alegados. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

### **FORMALIZACION DA MATRÍCULA:**

O alumnado admitido en cada centro educativo formalizará matrícula empregando o modelo **Anexo II** no prazo seguinte:

*Do 20 ao 30 de xuño*

A non formalización de matrícula en prazo ocasionará a perda do dereito á praza obtida.



**CEIP XESÚS GOLMAR**  
Travesía Memorias dun neno labrego.  
36500. LALÍN (Pontevedra)  
Tel: 886 15 12 72  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/)  
correo-e: [ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)

### **OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE:**

Para mais Información diríxanse a secretaría do centro.

A Directora

María Jesús López Campos